

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

28. MEDIDA ESPECIAL FRONTE A EXPANSIÓN DO COVID-19 MEDIANTE A COMPROBACIÓN DE CONTROL DE TEMPERATURA CORPORAL CON CÁMARA TÉRMICA PARA ACCESO AO PARLAMENTO DE GALICIA

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdep@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Técnico Superior do Parlamento de Galicia, D. David González Alonso

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física (art. 6.1.d. do RXPd), e tratamento dunha categoría especial de datos persoais necesarios por razóns de interese público no ámbito da saúde pública conforme ao disposto no artigo 9.2.i do RXPd.

FINS

Comprobación da temperatura corporal coma medida preventiva da expansión do COVID-19 no acceso ao edificio do Parlamento de Galicia, mediante o uso de cámara térmica, dentro do conxunto de medidas adoitadas por esta administración, para garantir

a seguridade da saúde das persoas traballadoras, con expresa finalidade específica de detectar posibles persoas contaxiadas e evitar o seu contacto con outras persoas dentro do centro de traballo, prestando especial atención aos principios de limitación de finalidade e minimización de datos establecidos no artigo 5.1 do RXPd..

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Todas as persoas que acceden ao Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Imaxes térmicas e lectura temperatura corporal.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e pola dotación de seguridade (Unidade Adscrita da Policía Nacional á Comunidade Autónoma de Galicia, e empresas prestatarias dos servizos de vixianza e seguridade e mantemento dos equipos, e vixianza da saúde).

Non están previstas transferencias de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

As imaxes rexistradas non son almacenadas.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.